

Proxeccións de poboación a curto prazo

NOTA DE PRENSA

O IGE presenta as proxeccións de poboación a curto prazo con información desagregada por áreas xeográficas

A poboación galega diminuiría un -0,6% no período 2010-2015 no caso de continuar a situación demográfica actual

Decreemento poboacional en Galicia

Dentro do marco das proxeccións a curto prazo elaboradas anualmente polo Instituto Nacional de Estadística, o IGE profundizou na desagregación territorial das mesmas, chegando ata o nivel de área, entendida esta como agrupación de comarcas, e presenta os resultados obtidos para o período temporal 2010-2015, por sexo e grupos quinquenais de idade. A información de partida procede das estimacións da poboación actual a nivel provincial elaboradas polo INE con data de referencia o 1 de xaneiro de 2009.

Estas proxeccións están baseadas na extrapolación ao futuro das tendencias e comportamentos demográficos observados no período inmediatamente anterior ao arranque das proxeccións. Deste xeito os resultados obtidos non dependen de hipóteses previamente establecidas, senón que a hipótese principal é que a evolución máis recente observada de cada un dos fenómenos demográficos básicos, fecundidade, mortalidade e migracións, será a que determine a evolución do volume poboacional en cada ámbito xeográfico. Esta forma de traballar require que as proxeccións de poboación sexan actualizadas frecuentemente, para que recollan as últimas tendencias observadas en cada momento.

Segundo os últimos datos obtidos, Galicia presentaría un comportamento continuo de decreemento poboacional, que no período 2010-2015 chegaría a acumular un -0,6%. Por áreas, os datos serían os seguintes:

Poboación residente no 1 de xaneiro. Áreas xeográficas

Área	2010	2015	% no período
A Barbanza - Noia	101.967	101.484	-0,5
A Coruña suroriental	68.170	66.637	-2,2
Área da Coruña	425.644	431.222	1,3
Área da Costa da morte	140.549	137.027	-2,5
Área de Santiago	187.024	192.753	3,1
Ferrol - Eume - Ortegal	200.161	195.887	-2,1
A Mariña	73.418	71.283	-2,9
Lugo central	174.403	171.274	-1,8
Lugo oriental	42.371	38.912	-8,2
Lugo sur	52.566	48.870	-7,0
Área de Ourense	142.953	144.502	1,1
O Carballiño - O Ribeiro	46.945	42.935	-8,5
Ourense central	50.461	47.239	-6,4
Ourense sur	85.528	79.178	-7,4
Área de Pontevedra	121.408	122.361	0,8
Área de Vigo	417.902	420.626	0,7
Caldas - O Salnés	144.603	146.539	1,3
O Morrazo	82.079	82.977	1,1
Pontevedra nororiental	71.737	69.283	-3,4
Pontevedra sur	108.702	110.265	1,4

FONTE: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

As áreas que presentarían un maior decrecemento poboacional no período 2010-2015 serían as de O Carballiño-O Ribeiro, cun decrecemento de -8,5% e Lugo oriental, cun -8,2%. Por outra parte, as áreas de Santiago e Pontevedra sur verían incrementada a súa poboación nun 3,1% e 1,4%, respectivamente.

Poboación envellecida e crecemento vexetativo negativo na maioría das áreas

Unha das características dunha poboación envellecida como a galega é a de presentar valores negativos do seu crecemento vexetativo, é dicir, un maior número de defuncións que de nacementos. No período considerado, 2010-2015, só presentarían saldo positivo as áreas de Vigo, O Morrazo e Pontevedra.

Nacementos e defuncións proxectados para o período 2010-2015. Áreas xeográficas

Área	Nacementos	Defuncións	Crecedemento vexetativo
A Barbanza - Noia	3.976	5.481	-1505
A Coruña suroriental	2.158	4.257	-2099
Área da Coruña	18.566	21.057	-2490
Área da Costa da morte	4.533	8.327	-3794
Área de Santiago	8.610	8.663	-52
Ferrol - Eume - Ortegal	7.336	12.555	-5219
A Mariña	2.384	4.620	-2236
Lugo central	5.679	11.233	-5554
Lugo oriental	846	3.582	-2736
Lugo sur	1.158	4.657	-3499
Área de Ourense	5.686	8.227	-2541
O Carballiño - O Ribeiro	1.028	3.643	-2615
Ourense central	1.374	3.859	-2485
Ourense sur	1.685	7.011	-5325
Área de Pontevedra	5.773	5.648	125
Área de Vigo	18.823	18.379	444
Caldas - O Salnés	6.461	7.362	-900
O Morrazo	3.672	3.535	137
Pontevedra nororiental	2.291	4.648	-2357
Pontevedra sur	4.510	5.563	-1054

FONTE: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

A partir dos datos obtidos nestas proxeccións, coa información por grupos de idade presentada, pódense obter indicadores proxectados como por exemplo o índice de envellecemento (relación entre a poboación de 65 e máis anos con respecto á poboación menor de 20 anos) para cada unha das áreas galegas:

Índice de envellecemento. Áreas xeográficas

Área	2010	2015
A Barbanza - Noia	119,0	128,2
A Coruña suroriental	186,4	200,5
Área da Coruña	121,6	128,5
Área da Costa da morte	168,9	190,0
Área de Santiago	105,1	111,2
Ferrol - Eume - Ortegal	161,8	167,1
A Mariña	178,2	180,1
Lugo central	175,8	185,1
Lugo oriental	305,4	331,9
Lugo sur	305,7	314,1
Área de Ourense	138,9	146,0
O Carballiño - O Ribeiro	292,2	323,4
Ourense central	230,7	242,0
Ourense sur	314,5	345,3
Área de Pontevedra	98,6	105,6
Área de Vigo	95,4	107,5
Caldas - O Salnés	102,5	111,4
O Morrazo	91,0	102,7
Pontevedra nororiental	193,1	204,4
Pontevedra sur	115,7	123,7

FONTE: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

Nota: os cálculos están elaborados con data de referencia o 1 de xaneiro de cada ano

Anexo:

Comarcas que compoñen cada área:

- A Barbanza - Noia: comarcas da Barbanza e Noia.
- A Coruña suroriental: comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área da Coruña: comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da morte: comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- Área de Santiago: comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- Ferrol – Eume - Ortegal: comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- A Mariña: comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.
- Lugo central: comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- Lugo oriental: comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- Lugo sur: comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Área de Ourense: comarca de Ourense.
- O Carballiño - O Ribeiro: comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Pontevedra: comarca de Pontevedra.
- Área de Vigo: comarca de Vigo.
- Caldas - O Salnés: comarcas de Caldas e O Salnés.
- O Morrazo: comarca do Morrazo.
- Pontevedra nororiental: comarcas de Deza e Tabeirós - Terra de Montes.
- Pontevedra sur: comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>